



DATOS IDENTIFICATIVOS

Comunicación: Lingua española

Materia	Comunicación: Lingua española			
Código	O05G110V01101			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Acuña Ferreira, Antonia Virginia			
Profesorado	Acuña Ferreira, Antonia Virginia			
Correo-e	virginia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A lexislación actual esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha extensa e profunda formación en aspectos psicopedagóxicos, un dominio da ferramenta básica e imprescindible en todo proceso de comunicación: a lingua española.</p> <p>Ademais do coñecemento dos principios básicos e científicos de disciplinas lingüísticas que se ocupan da lingua española, nesta materia traballaranse as destrezas que os profesores deben perfeccionar nas clases, para alcanzar os obxectivos inherentes á aprendizaxe: capacidade lectora, a expresión oral, a expresión escrita e a análise e interpretación de textos orais e escritos.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
C46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
C47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.

C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
C50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
C52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativo e cooperativo, e promovelos nos estudantes desde a participación e o esforzo individual.	A3 A5	B2 B3 B4 B5	C50	D1 D2 D7 D9 D10 D12 D17 D19
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A1	B1 B2 B4 B7	C43 C44 C45 C46 C47 C49 C52	D1 D2 D3 D7 D13 D14 D15 D20
Coñecer, respectar e promover a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa.	A1 A2 A3	B3 B4 B5 B7	C43 C50 C52	D11 D13 D14 D15 D20
Recoñecer a identidade da etapa de educación infantil e as súas características cognitivas e comunicativas.	A2	B1 B2	C43 C44 C46 C47 C49	D7 D14 D17
Saber expresarse en español con fluidez e precisión e poder facer un uso flexible do devandito idioma para fins sociais, académicos e profesionais.	A4	B2	C46 C48	D1 D3 D12
Falar, ler e escribir, correcta e adecuadamente, a lingua española.	A4		C46 C48	D1 D7 D14
Coñecer a fonoloxía, a fonética e a ortografía da lingua española.	A1 A2	B1	C43	D1 D3 D7 D14
Adquirir e saber utilizar os conceptos básicos da semántica, a lexicoloxía e a lexicografía do español.	A1 A2	B1	C43	D1 D7 D9 D14 D16

Contidos

Tema

1. Introducción ás ciencias da linguaxe e á comunicación	1.1. Algunhas nocións básicas de Lingüística. 1.1.1. Lingüística, linguaxe e linguas. Linguas e dialectos. Fala, rexistros e xergas. A comunicación non verbal. 1.1.2. O estudo da linguaxe e das linguas. A lingüística tradicional e a lingüística moderna. 1.2. A Lingüística moderna. 1.2.1. O estruturalismo e o xenerativismo lingüístico: as teorías de Ferdinand de Saussure e Noam Chomsky. As distincións lingua/fala, competencia lingüística/actuación. 1.2.2. O modelo de comunicación de Jakobson, as funcións da linguaxe. 1.2.3. Da lingüística do sistema ás lingüísticas do uso lingüístico e a comunicación. O concepto de competencia comunicativa como base dos enfoques actuais no ensino de linguas.
2. Fonética e fonoloxía do español	2.1. O sistema fonolóxico do español. 2.1.1. Clasificación dos fonemas vocálicos. Formación de diptongos, triptongos e hiatos. 2.1.2. Clasificación dos fonemas consonánticos. 2.1.3. A transcripción fonémica ou fonolóxica. 2.2. A fonética, os fonemas e os alófonos. 2.2.1. Os fonemas consonánticos e os seus principais alófonos. 2.2.2. A transcripción fonética. 2.2.3. Os rasgos suprasegmentais. A sílaba. O acento prosódico e o acento ortográfico. Regras xerais de acentuación. A tilde diacrítica. A entoación.
3. Morfoloxía e sintaxe	3.1. Os morfemas e a formación das palabras. Tipos de morfemas. Palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. 3.2. As categorías gramaticais. 3.2.1. As clases abertas: substantivos, adxectivos, verbos e adverbios. 3.2.2. As clases pechadas: preposicións e locucións preposicionais, conxuncións, determinantes e pronomes. 3.3. O concepto de sintagma ou constituínte. O sintagma nominal (SN), o sintagma adxectivo (SA), o sintagma verbal (SV) e o sintagma preposicional (SP). 3.4. As funcións sintácticas. Oracións simples, compostas e xustapostas. 3.5. As oracións subordinadas.
4. Semántica e léxico	4.1. Lexicoloxía, lexicografía e semántica. 4.2. Relacións léxico-semánticas 4.3. Neoloxismos e creación de palabras

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	14	10	24
Lección maxistral	28	36	64
Traballo tutelado	6.5	37	43.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	7	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	7.5	8.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas aplicando os contidos explicados e axudado polas directrices e supervisión da profesora. Por iso, adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun exercicio ou traballo a desenvolver polo estudante. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social, polo que se aplicarán técnicas de aprendizaxe colaborativa nestas sesións.
Traballo tutelado	Realización dun traballo académico por grupos sobre algún dos contidos relacionados coa materia, a través dun desenvolvemento teórico, a realización dunha investigación empírica ou o deseño dunha unidade didáctica para un nivel/curso de Educación Primaria. Ademáis, pódese requerir a presentación oral por parte dos grupos sobre o estado de elaboración deste traballo e/ou os seus resultados durante as clases prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	No horario de titorías establecido ao efecto ou mediante cita acordada, para resolver dúbidas ou dificultades relacionadas con cuestións explicadas nas clases maxistrais.
Resolución de problemas	No horario de titorías establecido ao efecto ou mediante cita acordada, para axudar ao alumnado na resolución das actividades prácticas da materia.
Traballo tutelado	No horario de titorías establecido ao efecto ou mediante cita acordada, para orientar ao alumnado sobre o traballo a realizar en grupo e resolver dúbidas ou problemas que poidan xurdir durante a súa preparación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Realización nas clases dos problemas e/ou exercicios propostos polo profesor.	5	A1 A3 A4 A5	C43 C44 C47 C49	D1 D2 D3 D7 D13 D15	
Lección maxistral	Participación habitual do estudante nas sesións expositivo-participativas.	5	A1 A4 A5	B3 B4 B5	C43 C46 C47 C49	D1 D3 D7 D12 D13 D14 D15 D17 D19 D20
Traballo tutelado	Valoración da calidade do traballo académico realizado por grupos sobre algún dos contidos da materia, así como da presentación oral sobre o seu proceso de elaboración e/ou os seus resultados.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B7	C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50 C52	D1 D2 D3 D7 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D19 D20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba orientada a analizar a capacidade para resolver problemas e/ou exercicios semellantes ós realizados nas clases prácticas.	25	A1 A3 A4 A5	C43 C44 C47 C49	D1 D2 D3 D7 D13 D15	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Preguntas engadidas ás probas baseadas na resolución de problemas e/ou exercicios que tratan de medir o nivel de coñecemento e comprensión dos conceptos básicos da materia. Requiren unha resposta relativamente longa.	25	A1 A2 A3 A4 A5	C43 C44 C46 C49	D1 D2 D3 D12 D13 D15	

Outros comentarios sobre a Avaliación

É obrigatoria a asistencia, como mínimo, ao 80% das clases, tanto teóricas como prácticas. O incumprimento desta porcentaxe de asistencia implica unha avaliación diferente, baseada exclusivamente nas probas de resolución de problemas e exercicios e de respostas a preguntas de desenvolvemento, que neste caso representarán, polo tanto, o 100% da nota final. No caso de non poder asistir ás clases (por traballo, enfermidade, incompatibilidade de horarios...), contactar co/coa docente o antes posible.

As probas de resolución de problemas e/ou exercicios e respostas a preguntas de desenvolvemento realizaranse en diferentes fases do cuadrimestre (unha primeira proba parcial, aproximadamente a mediados do cuadrimestre e outra ao

final, na data de exame fixada pola facultade). Estas probas abarcarán partes específicas da materia que deberán superarse obtendo, polo menos, a metade da nota máxima en cada unha delas. O alumnado que non asista ás clases poderá realizar a primeira proba parcial na metade do cuadrimestre, se así o desexa.

Para superar o traballo tutelado tamén será necesario obter, polo menos, a metade da cualificación máxima establecida.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, as aprobadas nese curso académico.

AVISO: a detección de plaxio en calquera das tarefas ou traballos propostos suporá a perda do dereito á avaliación continua.

As datas dos exames pódense consultar na páxina web da Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo Social.

2ª CONVOCATORIA

O alumnado deberá repetir exclusivamente os traballos e/ou probas de avaliación que non fosen superados na 1ª convocatoria.

OBSERVACIÓNS

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza á Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá adaptarse ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado matriculado no programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Muñoz-Basols, J., Moreno-Taboada, N. y Lacorte, M., **Introducción a la lingüística hispánica actual: teoría y práctica**, Routledge, 2017

Real Academia Española, **Diccionario de la lengua española**, 23ª, Espasa-Calpe, 2014

Real Academia Española, **Nueva gramática básica de la lengua española**, Espasa, 2011

Sánchez Lobato, J. (coord.), **Saber escribir**, Aguilar, 2006

Yule, G., **El lenguaje**, 3ª, Akal, 2007

Bibliografía Complementaria

Cassany, D., **Enseñar lengua**, Graó, 2003

Escandell Vidal, M. V., **Apuntes de semántica léxica**, UNED, 2007

Fernandez Planas, A. Mª, **Así se habla. Nociones fundamentales de fonética general y española**, Horsori, 2005

Gómez Torrego, L., **Gramática didáctica del español**, SM, 2009

Gómez Torrego, L., **Análisis sintáctico: teoría y práctica**, 2ª, SM, 2007

Lozano, G., **Cómo enseñar y aprender sintaxis: modelos, teorías y prácticas según el grado de dificultad**, 8ª, Cátedra, 2021

Real Academia Española, **Nueva gramática de la lengua española: manual**, Espasa, 2010

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Espasa, 2010

Varela Ortega, S., **Morfología léxica: La formación de palabras**, Gredos, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua e literatura: Español/O05G110V01507

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social.